




XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

En Santiago de Compostela, a 3 de outubro de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Laura Sánchez Piñón, Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente (en adiante, a Consellería).




Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 201/2002, de 13 de xuño (DOG de 14 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 87 do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, praza do Obradoiro de Santiago de Compostela, ao abeiro do artigo 18 da Lei de Reforma Universitaria (en adiante, a Universidade).

MANIFESTAN

Que as dúas partes teñen competencias sobre a aprendizaxe de idiomas polo seu alumnado, con referencia expresa no que respecta a este convenio ao alumnado das escolas oficiais de idiomas, dependentes da Consellería, e ao alumnado do Centro de Linguas Modernas, dependente da Universidade.

Que co obxecto de estimular o interese pola mellora de coñecementos de linguas, así como do recoñecemento práctico do esforzo do alumnado nese campo, as dúas institucións queren outorgarlle un recoñecemento mutuo aos estudos desenvolvidos polo alumnado dos centros mencionados no apartado anterior.





XUNTA DE GALICIA

De acordo coas bases anteriores, a Consellería e a Universidade acordan suscribir o presente Convenio, en base ás seguintes

CLAÚSULAS

1º.- *O obxecto do presente Convenio é o de establecer a colaboración entre a Consellería e a Universidade en relación á aprendizaxe de idiomas por parte dos alumnos das Escolas Oficiais de Idiomas e os do Centro de Linguas Modernas.*

2º.- *Esa colaboración levarase a cabo mediante o recoñecemento dos estudos desenvolvidos nas Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Galega como créditos de libre elección pola Universidade por unha parte e, por outra, no recoñecemento dos estudos realizados no Centro de Linguas Modernas da Universidade, como mérito para o acceso directo aos distintos niveis das linguas impartidas nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.*

3º.- *Establécense as seguintes equivalencias entre os estudos superados nas Escolas Oficiais de Idiomas e os créditos de libre elección que forman parte do currículo dalgunhas titulacións que se cursan nas Universidades:*

<i>Certificado de ciclo elemental</i>	<i>7.5 créditos</i>
<i>Certificado de aptitude</i>	<i>9.0 créditos</i>

O recoñecemento das certificacións segundo a nova estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial, reguladas polo Real Decreto 944/2003, do 18 de xullo (BOE do 31 de xullo), cuxa implantación está prevista para o curso 2006-2007, farase de acordo á seguinte equivalencia:

*Certificado de nivel básico dun idioma diferente
ao cursado no bacharelato 7.5 créditos*
Xa que o nivel básico será equivalente, polo menos, ao nivel do bacharelato, este tipo de certificación de nivel básico só se validará se o alumno presenta dúas (ou máis) certificacións.

<i>Certificado de nivel intermedio</i>	<i>7.5 créditos</i>
<i>Certificado de nivel avanzado</i>	<i>9.0 créditos</i>



XUNTA DE GALICIA

4º.- *Só terán recoñecemento as certificacións de cada nivel e non o estudo de cursos soltos.*

5º.- *Non se recoñecerá o certificado de nivel básico cando coincida coa 1ª lingua que se estudou no bacharelato ou da que se examinou na selectividade.*

6º.- *O alumnado de facultades de filoloxía e mestres da especialidade de linguas modernas non terán dereito a que se lles recoñezan como créditos de libre elección os certificados das ensinanzas de réxime especial impartidas polas escolas oficiais de idiomas correspondentes á especialidade que están cursando.*

7º.- *Só se poderán completar con estudos de idiomas o límite do 50% dos CLE. (15 créditos).*

8º.- *Establécese a seguinte valoración para os estudos cursados no Centro de Linguas Modernas:*

Permitirán o acceso directo aos cursos inmediatamente superiores aos niveis de competencia acreditados de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (aprendizaxe, ensinanza, avaliación) e que correspondan cos que no seu momento se establezan para as Escolas Oficiais de Idiomas.

9º.- *Para que o recoñecemento dos estudos detallados nas cláusulas terceira e oitava sexa efectivo, os alumnos interesados terán que presentar o correspondente certificado dos cursos, ciclos ou niveis superados, expedido pola institución correspondente.*

10º.- *O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha vixencia anual, podéndose prorrogar por cursos académicos sucesivos, sempre que non se propoña a súa revisión ou denuncia por algunha das partes cunha antelación mínima de tres meses antes da finalización do prazo.*

11º.- *Para o control e seguimento do presente convenio establecerase unha Comisión que se reunirá cando o estime oportuno co obxecto de realizar un balance das accións realizadas e propoñer as modificacións que se consideren oportunas.*

Esta Comisión estará constituída por:

- O Vicerrector do Terceiro ciclo e Extensión Docente ou persoa en quen delegue.*
- O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas de Réxime especial ou persoa en quen delegue.*
- O Director do Centro de Linguas Modernas da Universidade.*



XUNTA DE GALICIA

- O Xefe de Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial da Consellería
- Un asesor técnico docente da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
- Un representante da Universidade de Santiago de Compostela, que actuará como secretario da Comisión.


12º.- O presente Convenio terá carácter administrativo rexéndose aos seus efectos polo

POLA CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA
A CONSELLEIRA

POLA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
O RECTOR



Asdo.- Laura Sánchez Piñón



Asdo.- Senén Barro Ameneiro